

# ID#181

Triabá - Castro de Rei, ca. 1979

Informante: Aurelia de Triabá

Compilador: Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa (2014-05-21)

3 (1) 3 1	1-5	8.8.8.8.
4 (3) 1 1	1-4	7.7.7.7.

$\text{♩} = 65$

1. Ma - los de - mo - nios o le - ven  
o ma - io - ral da cua - dri - lla  
le - va o di - ñei - ro to - do  
e trae a xen - te ren - di - da.  
—Que di - rán, que di - rán? Que di - rán por a - í?  
e me mo - rro por tí, e me mo - rro por tí.  
—Que che que - ro e che a - do - ro e me mo - rro por tí,  
—Que di - rán, que di - rán? — Que di - rán por a - í?



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
estudos das  
identidades

1. Malos demonios o leven  
o maioral da cuadrilla  
leva o diñeiro todo  
e trae a xente rendida.

2. Entrando no mes de marzo  
Nosa Señora ven vindo;  
vámonos indo, gallegos,  
gallegos, vámonos indo.

3. Moito viva o amo d' hoxe,  
que ten cara de placer-e,  
ten o viño na bodega  
para nos dar de beber-e.

—Que dirán, que dirán?  
Que dirán por aí?

—Que che quero e che adoro  
e me morro por tí,

e me morro por tí,  
e me morro por tí.

—Que dirán, que dirán?  
Que dirán por aí?

4. Non pensei qu' a silva verde  
posta no río secara,  
non pensei qu' a túa lingua  
tanto de min marmulara.

5. Marmulai, marmuladoras  
veciñas da miña porta  
gobernad' a vosa vida  
qu' a miña non vos importa.

—Que dirán, que dirán?  
Que dirán por aí?  
—Que te quero e t' adoro  
e me morro por tí.

6. Marmurai, marmuladores,  
marmulai sempre de min-he,  
que eu nunca fun marmulada  
mais ca de xente roín-he.

7. [Repíte a copla n'4]

—Que dirán, que dirán?  
Que dirán por aí?  
—Que te quero e t' adoro  
e me morro por tí.

Nota: Hai certas desviacións rítmicas e de entoación provocadas polas dificultades na emisión da informante, de avanzada idade; de entre elas só anotamos os silencios de maior duración, ao final de certas liñas, enriba do pentagrama. O retonso aparece só as veces indicadas na letra.